

Chegou o momento de **REDUCIR** a xornada laboral!



Humanizar as relacións laborais e mellorar a vida das persoas

As grandes transformacións no mundo produtivo, económico e social, impulsadas polas transicións dixital e ecolóxica, están xerando incrementos significativos da produtividade. Esta medida continua da produtividade tradúcese nun aumento dos beneficios empresariais. A riqueza que xera un país debe repartirse equitativamente para beneficiar a toda a sociedade. Mellorar os salarios e reducir o tempo de traballo son formas esenciais de distribuír a produtividade e a riqueza. É hora de adaptarse aos novos tempos.

A redución da xornada laboral en España non é só unha necesidade, senón unha cuestión de xustiza social e un mecanismo de solidariedade que debe pórse en marcha decontado. A última redución legal da xornada laboral produciuse hai máis de 40 anos, cando se situou en 40 horas semanais. Porén, a negociación colectiva permitiu que esta cifra se fora reducindo progresivamente, alcanzando unha media de 38,5 horas semanais nos convenios colectivos. Aínda así, moitos sectores e empresas non viron reducido o tempo de presenza, xerando unha competencia desleal e repercusións negativas no emprego.

Reducir a xornada laboral é unha cuestión de xustiza social. Hai que equiparar os dereitos laborais e establecer un mecanismo de solidariedade para todas as persoas traballadoras.

Traballar menos horas ten un impacto positivo na saúde física e mental das traballadoras e traballadores. A redución do estrés laboral e o aumento do tempo libre permiten descansar adecuadamente. Ter máis tempo non só mellora o benestar xeral, senón que tamén reduce as taxas de absentismo e as baixas por enfermidade. Desde esta perspectiva, tamén se ven beneficiadas as empresas en termos de custos e continuidade do traballo.

Reducir a xornada laboral tamén pode ter beneficios ambientais. Como se demostrou nas experiencias piloto realizadas, menos horas de traballo poden significar menos desprazamentos

diarios, o que reduce as emisións de gases de efecto invernadoiro e a contaminación do aire. Reducir a xornada tamén é un mecanismo de igualdade de xénero.

Chamamento sindical á acción

Desde CCOO e UGT facemos un chamamento ás organizacións empresariais a apostaren por un acordo para levar a cabo esta redución de xornada, promovendo empresas máis produtivas que melloren a calidade da saúde e a vida das persoas traballadoras. Esta medida favorecerá unha mellor conciliación corresponsable entre a vida laboral, social, persoal e familiar, e contribuirá á creación e repartición do emprego no noso país. Os beneficios empresariais actuais demostran que é o momento de afrontar esta medida. A redución da xornada laboral servirá para manter e crear máis emprego de calidade.

Facemos tamén un chamamento a todos os partidos do arco parlamentario a comprometérense coa redución da xornada laboral, apostando por un modelo produtivo que teña como obxectivo a mellora do emprego e das condicións laborais de todas as persoas traballadoras. É hora de abandonar modelos baseados nos baixos salarios e en longas xornadas laborais que xa demostraron o seu fracaso para a produtividade e a xeración de riqueza para o conxunto do país.

Por todas estas razóns, UGT e CCOO mobilizaranse para explicar ao conxunto da sociedade a necesidade desta medida e esixir a redución da xornada máxima legal xa:

Porque case 13 millóns de persoas traballadoras do sector privado se beneficiarán desta medida.

Porque mellora a saúde e calidade de vida das persoas traballadoras.

Porque contribúe a avanzar na igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Porque ten un impacto directo na mellora de produtividade das empresas e na economía do país.

Porque xa toca. Porque é o momento.

37,5 horas semanais Xa!